



CONCELLO
O BARCO DE VALDEORRAS



Achego certificación do acordo da Xunta de Goberno Local do Concello do Barco de Valdeorras, adoptado na sesión de 9 de marzo de 2017, relativo a “*aprobación bases reguladoras do programa de vivendas baleiras do Concello do Barco de Valdeorras*”.

O Barco de Valdeorras, 16 de marzo de 2017.



O alcalde,

Alfredo L. García Rodríguez

**FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS
E PROVINCIAS (FEGAMP)
Rúa Varsovia 4C-6º andar Área Central
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA**



CONCELLO
O BARCO DE VALDEORRAS

Jesús Tallón García, secretario do Concello do Barco de Valdeorras (Ourense), do que é alcalde D. Alfredo L.García Rodríguez, certifico que a Xunta de Goberno Local do Concello do Barco de Valdeorras, en sesión ordinaria celebrada o día **9 de marzo de 2017**, no asunto da orde do día **“6 Programa de vivendas baleiras”** acordou:

"O Instituto Galego da Vivenda e Solo e a FEGAMP, asinaron un Convenio de colaboración para o desenvolvemento do programa de vivendas baleiras no ámbito do plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora do acceso á vivenda 2015–2020. O Concello do Barco de Valdeorras adheriuse ao devandito convenio con data 2 de agosto do 2016.

O Consello da Xunta de Galicia, con data 12 de febreiro do 2015, aprobou o Plan Rehabita, Plan Galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020. Dentro deste plan, inclúese, o Programa de Vivendas Baleiras.

A comisión de seguimento do convenio acordou aprobar unhas bases reguladoras do programa para este Concello.

Logo de ver o expediente tramitado no que, entre outra documentación, consta a proposta de bases reguladoras do programa de vivendas baleiras do Concello do Barco de Valdeorras así como o informe emitido polo Técnico de Administración Xeral da Secretaría de 6 de marzo de 2017, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria, e por unanimidade dos concelleiros asistentes, acorda:

Aprobar as bases reguladoras do programa de vivendas baleiras do Concello do Barco de Valdeorras que figuran no expediente."

E para que conste e produza os efectos oportunos no expediente da súa razón expido a presente certificación, de orde e co visto e praxe do sr. Alcalde, coa prevención que sinala o artigo 206 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, no Barco de Valdeorras, 15 de marzo de 2017.

O secretario



O alcalde-presidente

